

Terra de Miranda

Endexamais souben pintar outra cousa que este reino no que nacín.

6


A terra de Miranda, de onde procedía súa nai, e o veciño bosque de Silva, foron pano de fondo das súas novelas, especialmente de *Merlín e familia i outras historias* (1955) e *As crónicas do sochantre* (1956).



Nunha carta a Fernández del Riego asinada en 1950, Cunqueiro refírese a un proxecto de “historias fantásticas” e asegúralle: “Encantaravos. Eu mesmo gozo lendo nil”. Non se trabucaba. En 1955 a Editorial Galaxia revoluciona o panorama da prosa galega de posguerra coa publicación de *Merlín e familia i outras historias*.



Merlín e familia é un texto clave no conxunto da obra cunqueiriana: é a súa primeira novela en galego e un dos seus proxectos máis demorados e queridos. De feito, un dos seus personaxes principais, Felipe de Amancia, paxe do señor Merlín, xa aparecera como barqueiro adulto en *El caballero, la muerte y el diablo y otras dos o tres historias* (1945)



“Polos camiños de Bretaña vai a danza macabra empuxando ventos”.
Quen di Bretaña, di Galicia.


En 1956 Cunqueiro publica *As crónicas do sochantre*, unha obra “na liña da gran novela do XIX”



Traducida ao castelán por Fernández del Riego, a novela recibe o Premio Nacional de Narrativa en 1959



Caricatura de Javier Vázquez Sánchez-Puga tirada de *Jardín escondido y otros cuentos* (2007), de Alvaro Cunqueiro e Alberto Casal





No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Alma, coma no concerto...

Alma miña, coma no concerto de Vivaldi
con violino principale e altro violino per eco,
eu quixera que foses
esa voz que *in lontano*
dende os outeiros eternos devólvenos
a canción de cada día.

Vas camiñando atente
deica chegar onde o violín dá o eco
pro sempre está máis lonxe
dos teus pasos e dos camiños,
da túa vida, do que ti recordas
das primaveras e das mortes
e dunha muller preñada acobadada nunha cancela
mirando sin ver pra unha lagoa verde.
Como viaxar a Carcasona!

Até que te decatás
de que o violín que dá o eco *in lontano*
eres ti mesmo, entón a vida
coma un pano bordado téndese diante de ti
escoitas o vento e a túa voz de neno
o canso tusir da nai, as anduriñas que retornan
e as primeiras verbas de amor, e aquel verso
no que dabas a alma vestida de violetas
pechando os ollos por si te morrías
diante dun espello polo que iba e viña
unha sorriso

e agora xa sabes
por un eco lonxano
en que perdiche a vida sin saber que a vida
non volve, nunca, endexamais.
A vida mesmo é o eco dun soño
que agora sabes que o tiveches, por un eco.

Herba aquí e acolá, 1980